



# BASES

## PRIMEIRA.-

Poderá concorrer a este certame calquera persoa que presente textos inéditos escritos en lingua galega. O tema é libre.

## SEGUNDA.-

As persoas participantes enviarán **catro exemplares** do texto, en folios mecanografados por unha soa cara, a dobre espazo e tamaño de letra 12.

En narrativa, a extensión mínima será de 2 páxinas e a máxima será de 6.

En poesía, a extensión mínima será de 20 versos e a máxima será de 50.

Só se poderá presentar un traballo por persoa en cada unha das modalidades.

Os textos deberán remitirse antes do **14 de abril de 2011** ao seguinte enderezo: Concello de Ames (Servizo de Normalización Lingüística). Avda. de Azcárraga, nº 5, Bertamiráns, 15220 Ames, A Coruña.

## TERCEIRA.-

Para garantir o anonimato **nos textos non poden aparecer os datos persoais** do autor ou autora nin a súa sinatura. En cada un dos catro exemplares terá que figurar a **modalidade** na que participa (narrativa ou poesía), a **categoría** (1ª, 2ª ou 3ª) e o **pseudónimo** do autor ou autora.

**Os datos persoais** (nome, apelidos, idade, fotocopia do DNI, teléfono e enderezo postal e electrónico) **introduciranse nun sobre pechado** no que, por fóra, figure o pseudónimo, a categoría e o título do traballo.

O sobre cos datos persoais e as catro copias do texto introduciranse nun sobre máis grande. No **remite** deste sobre grande terá que marcarse claramente a **modalidade** (narrativa ou poesía), a **categoría** (1ª, 2ª ou 3ª) e o **pseudónimo** do autor ou autora (nunca o nome real).

## CUARTA.-

En cada modalidade do certame establécense tres categorías e, en cada categoría, tres premios coa dotación económica que se especifica a seguir:

### 1ª Categoría (ata os 13 anos)

1º premio: 120 euros

2º premio: 90 euros

3º premio: 60 euros

### 2ª Categoría (dos 14 aos 18 anos)

1º premio: 150 euros

2º premio: 120 euros

3º premio: 90 euros

### 3ª Categoría (máis de 18 anos)

1º premio: 210 euros

2º premio: 150 euros

3º premio: 120 euros

## QUINTA.-

O xurado estará formado por tres membros de recoñecido prestixio dentro do mundo da cultura e por un secretario ou secretaria, con voz e sen voto, en representación do Concello de Ames. Un dos membros do xurado designarao a Asociación de Escritores en Lingua Galega e os outros dous serán designados polo propio Concello de Ames. A súa composición farase pública con anticipación á emisión do ditame.

## SEXTA.-

A decisión do xurado anunciarase publicamente o **13 de maio de 2011** e os premios entregaranse o **17 de maio de 2011** nun acto público que se celebrará na Casa da Cultura do Milladoiro.

## SÉTIMA.-

O Concello de Ames publicará os traballos premiados nunha antoloxía creada para tal efecto, sen apercibimento de dereitos de autoría e compensando os autores ou autoras con 3 exemplares do volume que se edite. **As persoas gañadoras do certame deberán entregar os textos en formato dixital.** Se o autor ou autora publica pola súa conta un dos textos gañadores, deberá facer referencia ao premio obtido neste certame.

## OITAVA.-

As obras poderán retirarse, previa solicitude, dentro dos tres meses posteriores á decisión do xurado. Así que transcorra ese prazo, os traballos que non obtiveran premio destruíranse. O Concello de Ames non manterá correspondencia cos autores e autoras dos textos presentados nin asume responsabilidade ningunha pola eventual perda dalgún orixinal.

## NOVENA.-

A participación nesta convocatoria requirirá a aceptación das normas recollidas nestas bases, así como a aceptación da decisión do xurado designado, decisión que será inapelable.